

ACLARACIÓN SOBRE O RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Tras detectarse dúbidas nalgúnhas titulacións sobre o procedemento de recoñecemento de créditos obtidos por prácticas externas extracurriculares, cómpre facer ás seguintes aclaracións:

- Segundo o artigo 8 do “Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo”, aprobado no Consello de Goberno do 24 de maio de 2012: “As prácticas externas, xa sexan curriculares ou extracurriculares, quedarán reflectidas no expediente académico da persoa que as realizou e, de ser o caso, no suplemento europeo ao título correspondente” e “poderán ser obxecto de recoñecemento e transferencia.”
- Cando pola realización de prácticas extracurriculares se obtivese unha cualificación, tralo seu recoñecemento por prácticas curriculares, reflectirase no expediente académico a cualificación obtida.
- No caso de non ter cualificación as prácticas extracurriculares obxecto de recoñecemento, no expediente académico aparecerá o epígrafe “recoñecido”, e os créditos correspondentes non se terán en conta no cómputo da nota media do expediente.

Vigo, 24 de xullo de 2013

O Vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade



Asdo.: Ignacio Barcia Rodríguez

XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
SECRETARIA XERAL
DIRECTORA DA ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA
DECANOS/AS - DIRECTORES/AS
ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS
XEFE DA SECCIÓN DE POSGRAO
XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
XEFES DE ÁREA ACADÉMICA/ADMINISTRACIÓN